

EDICTO

Por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 02/05/2013, aprobáronse as liquidacións correspondentes aos **padróns fiscais da taxa pola prestación do servizo de saneamento e depuración de augas residuais, taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga e taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos**, todas elas correspondentes ao **primeiro trimestre do ano 2013**, así como o IVE correspondente no seu caso e o canon de saneamento.

Conforme o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria aplicable á facenda das entidades locais en aplicación do disposto no artigo 12 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aprobou o texto refundido da lei reguladora de facendas locais, queda exposto ao público durante o prazo de 15 días para o seu exame e reclamación por parte das persoas interesadas. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

Contra as débedas consignadas no padrón contributivo e notificadas colectivamente mediante o presente anuncio, os interesados poderán interpor os seguintes recursos:

- de Reposición, perante a alcaldía deste Concello, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ó da finalización da exposición pública do padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes dende a súa presentación non se resolve de maneira expresa.
- Contencioso-administrativo, perante o xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de 6 meses dende a súa interposición, se non o fose.
- Calquera outro recurso que as persoas interesadas consideren oportuno.

En cumprimento do disposto no artigo 24 do Regulamento xeral de recadación, expónse o público o seguinte anuncio de cobranza:

Prazo de ingreso: o período voluntario de cobranza dos tributos indicados, para o Concello de Ames, será do día **03 de maio de 2013 ao 10 de xullo 2013, ámbolos dous inclusive**.

Lugar de ingreso: En calquera oficina das entidades bancarias colaboradoras, empregando os instrumentos de ingreso (recibos), que se enviarán o domicilio declarado do contribuínte por correo ordinario.

No caso de perda do devandito instrumento, o obrigado ao pagamento poderá ata o día 10/07/2013 obter un duplicado nas Oficinas de xestión de augas do Concello de Ames sitas en:

Bertamiráns: Ru/ do Agrelo nº 7 BJ Tfno. 981 89 07 76

Milladoiro: Ru/ de Abaixo nº 10 BJ Tfno. 981.53.63.15

e-mail: ames@espinaydelfin.com

Os contribuíntes que non tivesen recibidos nos seus domicilios os instrumentos de ingreso disporán do mesmo prazo, para solicitálos na oficina indicada, e efectuar o pagamento nas entidades bancarias, posto que a non recepción non exonera da obriga do pagamento, e non impide a utilización da vía de constrinximento.

Días de ingreso: días hábiles, no horario de caixa establecido polas entidades colaboradoras referidas para o pagamento dos recibos non domiciliados.

O vencemento do prazo en período voluntario, sen ter sido satisfeita a débeda, determinará o comezo do procedemento de constrinximento, o devengo do recargo e demais conceptos esixibles tal e como se fixa no artigo 26 e 28 e 161 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

Ames, 03 de maio de 2013

O alcalde

Santiago V. Amor Barreiro